

Vivir Touro



1

AS SÚAS RUTAS DE SENDEIRISMO POLA BEIRA DO ULLA

O Concello de Touro, a poucos minutos de Santiago de Compostela, ofrece rutas de sendeirismo para conectar coa natureza e descubrir camiñando a sensación de absoluta tranquilidade. O Ulla, río emblemático de gran riqueza biolóxica e paisaxística, é o denominador común dos traxectos para facer a pé nesta primavera.

RUTAS

• Ruta da Fervenza das Hortas ao río Lañas (PR-G 233) 1

Distancia: 12,32 km

Puntos de interese: Fervenza das Hortas, Petróglifo de Pena Furada e Pena das Letras.

Nivel de dificultade: Media

• Ruta dos Tres Ríos (PR-G 121) 2

Distancia: 9 km

Puntos de interese: Área recreativa da Santaia, fervenza do Salto das Pombas e ponte Basebe.

Nivel de dificultade: Media baixa

• Ruta da Ribeira do Ulla (PR-G 93) 3

Distancia: 12,8 km

Puntos de interese: Fervenza do Inferniño, muíños de Quintas e Pozo do Pego.

Nivel de dificultade: Media baixa

• Ruta de Ponte a Ponte 4

Distancia: 8,5 km

Puntos de interese: Áreas recreativas de Ponte Remesquide, onde comeza, e O Souto. Remata en Ponte Ledesma.


Nivel de dificultade: Media baixa

• Camiño do Holandés 5

Distancia: Durante 25 km percorre o concello de Touro pola estrada AC-240, que une Bures con Ponte Ulla.

Puntos de interese: É unha derivación do Camiño Francés a Compostela que utilizan maioritariamente os ciclistas do Norte de Europa e que é aproveitada pola Eurovelo 3.

Nivel de dificultade: Media-alta



2



3



4



5



1



2



3



4



5

é sentir

ÁREAS RECREATIVAS

- **A Santaia (Touro).** Á beira do río e con carballeira é o punto de partida da Ruta dos Tres Ríos. 1
- **Brandelos (Prevedíños).** Conta cunha fonte de augas sulfurosas e local de baños. 2
- **Ponte Remesquide (Ribeira).** Zona de pesca á beira do Ulla. A ponte une ás provincias da Coruña e Pontevedra. 3
- **Foxás-Grixó (Foxás).** No río Ulla, destaca pola variada vexetación. 4
- **Praza do Luar (Touro).** Área de servizo para autocaravanas en Fonte Díaz. 5
- **Souto do Barco (Foxás).** Á beira do río Ulla, na ruta de Ponte a Ponte. 6



6



Concello
de
Touro

Máis información: www.touroturismo.com